

# RECLAMACIÓNS AO GOBERNO DA XUNTA DE GALICIA EN ORDE ÁS SÚAS COMPETENCIAS, CAPACIDADES E RECURSOS

22/03/2020

---

## EIXO SANITARIO

---

- Realización de xestións para a **captación de plantas industriais galegas que fabriquen de maneira inmediata equipos de protección individual (EPI)** e os seus compoñentes, respiradores e outros equipos necesarios, ademais de produtos para a desinfección persoal e de instalacións, en coordinación co Ministerio de Sanidade.
- Organización e dotación de recursos para a **posta en marcha dun servizo de repartición de equipos de protección individual** e produtos de desinfección con cobertura a todo o territorio de Galicia. Débese garantir a dotación de equipos, en primeiro lugar ao persoal sanitario e persoas enfermas, e en segundo lugar a todas aquelas persoas que o necesiten pola súa actividade profesional e/ou situación persoal, cun protocolo de priorización adecuado e pertinente.
- Contratación urxente de persoal suficiente para o **reforzo dos servizos de asistencia a domicilio sanitaria e social** en todos os municipios de Galicia, e desenvolvemento dun plan de intervención para chegar a todas as persoas maiores e

dependentes, así como ás persoas que viven soas e as que están en situacións de vulnerabilidade.

- Adquisición e **adaptación de parque móbil para atender servizos de urxencia** sanitaria en todas as comarcas de Galicia.
- Organización e dotación de recursos para a realización de tests rápidos de detección de coronavirus en todas as comarcas de Galicia.
- **Medicalización inmediata de todas as residencias da terceira idade**, así como dos centros de dependentes e de menores con residentes, por medio da dotación de recursos humanos e materiais. Á súa vez, desinfección periódica destas instalacións, e evacuación a outros centros das persoas residentes nos casos en que as instalacións non cubran cuns requisitos mínimos de seguridade.
- **Reapertura e acondicionamento de plantas, camas e centros sanitarios** clausurados nos últimos anos para atender ao futuro incremento de casos. Medicalización de centros públicos, hoteis e outras edificacións similares en todas aquelas comarcas e municipios nos que non se conte con suficientes recursos hospitalarios.
- **Reforzo inmediato de recursos humanos e materiais ao servizo 061** de atención telefónica de urxencias sanitarias.

- **Plan específico para o subministro a domicilio de medicamentos** a personas maiores e flexibilización dos trámites para obter receitas a través de mutuas.

---

## EIXO SOCIAL

---

- **Renda de emerxencia.** Axudas económicas directas e urxentes para todas aquelas persoas e familias que non contan con ingresos ou liquidez suficiente para garantir a súa subsistencia. A contía será suficiente para garantir os pagamentos de aluguer de vivenda, alimentación e subministros básicos da unidade familiar (electricidade, auga, gas, medicinas, etc.). Por medio do incremento de recursos da Renda de inclusión social de Galicia (RISGA), as Axudas de emerxencia social ou por outras vías.
- **Suspensión da cobranza de taxas e impostos autonómicos** a aquelas persoas e familias que quedan sen ingresos ou estes son insuficientes durante o período de crise sanitaria.
- **Garantir solucións habitacionais no caso de risco para as mulleres en situación de violencia machista.** Adicar aloxamentos-apartamentos turísticos para esta función de cobertura e garantía de seguridade. Ampliar por parte da Xunta a campaña cun teléfono gratuito con estas saídas de emerxencia habitacional para mulleres que sofren maltrato en cuarentena polo coronavirus.

- **Garantir solucións habitacionais para persoas e familias en situación de emerxencia** que poidan estar a piques de perder a súa vivenda nas vindeiras semanas (remate de contrato de aluguer, situación de vulnerabilidade, etc.). Así mesmo, garantir equipamentos suficientes de aloxamento e manutención para as persoas sen fogar.
- **Habilitar liñas de axuda urxente aos concellos** para incrementar os recursos materiais e humanos dos servizos sociais municipais, e posta á súa disposición dos servizos de empresas privadas que poidan cubrir as necesidades existentes en cada caso.
- **Ampliación do Programa do Servizo de Axuda a Dependencia (SAD)** e dotalo de persoal suficiente para dar axilidade ás valoracións do grado de dependencia.
- Reforzo dos **servizos de teleasistencia** para a adecuada atención e cobertura a persoas soas, maiores e dependentes.
- **Plan específico de atención a domicilio de persoas con enfermidades mentais** e desenvolvemento de servizos de teleasistencia en materia de saúde mental.

---

## EIXO EDUCATIVO

---

- Garantir que as nenas e nenos beneficiarios de **bolsas comedor** continúen a ter unha alimentación axeitada mentres dura o periodo

de peche dos centros educativos, incrementando a cooperación económica cos concellos neste sentido. Facelo extensivo tamén ás escolas infantís de xestión autonómica e abrir a posibilidade de acceso ás bolsas a familias que vexan afectados os seus ingresos por mor desta crise.

- Posta en marcha dun **plan de seguimento educativo do alumnado de primaria e secundaria** a través dunha programación específica nos medios públicos da Corporación Radio e Televisión de Galicia, consensuado e con participación directa do profesorado e das asociacións de nais e pais. Debería incluír ademáis intérprete de signos, pictogramas, etc. para a atención á diversidade do alumnado.
- **Eximir da obriga de acudir aos centros aos equipos directivos**, deixando na súa man a decisión segundo a situación de cada comunidade educativa.
- **Mellora dos servizos TIC** que ofrecen dende a Consellería de Educación instalando un servidor de chat en directo (calquera servidor XMPP) e un servidor de videoconferencia (BigBlueButton sería idóneo).
- **Facer unha análise, coordinado pola inspección educativa a través dos equipos directivos dos centros, da situación de atención a alumnado con necesidades educativas especiais (NEE)** para poder tomar medidas concretas e individualizadas con este alumnado, apoiado nos servizos de orientación e nos equipos de orientación específica.

---

## EIXO ECONÓMICO

---

- **Axudas directas a fondo perdido a Pemes e autónomos/as** que cesasen a súa actividade ou visen reducidos os seus ingresos de maneira importante por causa da crise sanitaria para afrontar gastos de aluguer de instalacións, pagos de persoal e outros custos inasumibles nesta situación.
- **Habilitar liñas de crédito as empresas**, a interese cero, durante a lo menos 12 meses, para facer fronte as obrigas que aprazaran durante este período de emerxencia.
- **Atención inmediata ás demandas de emprego de empresas** que prestan servizos esenciais durante esta crise (alimentación, transporte, loxística, limpeza, etc.).
- **Declaración de peche da actividade o marisqueo** (a pé) para que as/os mariscadoras/es poidan acceder as prestación e axudas, ante a imposibilidade de vender o produto por mor do peche da hostalería.
- **Posta en marcha de medidas sanitarias** que protexan a saúde das persoas traballadoras das conserveiras, como a distancia de seguridade entre os postos e filas de produción, dotación de material como mascarillas e redución de persoas por quenda de traballo..

- **Manter, por parte da Xunta de Galicia, as deputacións e concellos, os contratos con aquelas empresas que prestan servizos** para centros públicos clausurados, como os centros educativos, e reorientación dos servizos contratados para dar cobertura a outras necesidades emerxentes (servizos de limpeza, cátering, transporte, etc.).
- **Axilización e disposición de procedementos abreviados** que permitan a solicitude de axudas, por parte da cidadanía e empresas, de maneira telemática, con requirimentos abreviados e posposición de entregas documentais, e con resolución urxente de expedientes acorde á situación de emerxencia.

---

## EIXO INSTITUCIONAL

---

- **Activación inmediata da Deputación Permanente do Parlamento de Galicia** como órgano de representación democrática ante esta situación, para exercer labores de control ao Goberno, avaliación das intervencións públicas, coordinación e impulso de iniciativas.
- **Comparecencia inmediata, ante a Deputación Permanente,** do Conselleiro de Sanidade, a Conselleira de Políticas Sociais e o Conselleiro de Emprego e Industria.

- **Comparecencia do Presidente da Xunta de Galicia ante a Deputación Permanente** para a rendición de contas sobre a xestión efectuada polo Goberno autonómico, cunha periodicidade semanal e mentres dure a crise.
- Presentación, por parte do Goberno autonómico e ante a Deputación Permanente, dunha **proposta de modificación orzamentaria integral** e profunda que concrete as medidas e proxectos a implementar e a súa dotación orzamentaria correspondente.
- Presentación, por parte da Consellería de Sanidade, **dun informe sobre a situación da sanidade privada en Galicia**, con datos concretos sobre os recursos que por parte dos centros privados están a poñerse ao servizo desta emerxencia, os números e natureza dos casos tratados, e o detalle dos acordos que puidesen dar base a estas prestacións e colaboracións.
- Presentación de **informes de avaliación de impacto das intervencións públicas** desenvolvidas e as medidas postas en marcha cunha periodicidade quincenal.